

O ALTO DE COMADO

Ó par da brisa temprana
entre salgueiros subía
paxariños, verde prado,
paso tras paso chegaba
aló o Alto de Comado.

Nunca ollos humanos viron
o que dalí se divisa,
A Mariña case enteira
nubes de color de rosa
músicas e máis cantares
nunca sentidos na vida.

Decateime que había un banco,
;; senteime !!
máis sen apartar a vista,
desta estampa mariñana
digna de calquer artista.

As casiñas fomegando
os xardíns todos floridos
e polo medio do mar
os barquiños navegando.

Xa empeza a caer a noite
o ceo cheo de estrelas
eu alí agardando a lúa
para escribir os poemas.

MARICARMEN SANTAMARINA

Texto e fotos: Emilio Piñeiroa Lozano

O MIRADOR DE COMADO

SANTIAGO DE REINANTE


BARREIROS.(LUGO)




COMO CHEGAR: Na estrada N-634, en S. Miguel de Reinante, cóllese a estrada de Remourelle; no km. 3,4, desviación á esquerda por unha pista forestal sen asfaltar (2,2 km.). Ruta sinalizada.

Atópase no monte Comado, altitude 471 m., **excelente mirador da rasa Cantábrica**, onde se pode observar dende Tapia de Casariego (Asturias) ata o cabo de Burela, en días claros véñse os Farallóns de S. Cibrao.

Aos seus pés o *Xacemento Arqueolóxico de A Roda*, xacemento circular (cromlech) coñecido como o “Stonehenge galego“, do Bronce Medio (2000 a.C.) e a famosa praia de Augasantas, coñecida como “*a praia das Catedrais*”



A 650 m. temos Penalonga, punto máis elevado do Concello de Barreiros con 516 m. Podemos ver dende aquí parte dos concellos de Trabada, Mondoñedo, Valadouro (Serra do Xistral...), a Frouseira... e a escasa distancia Mondigo (569 m.) no concello de Ribadeo.



Durante anos Comado foi unha **zona de referencia do parapente de Galicia**, chegando a celebrarse probas das primeiras ligas de parapente galegas, recentemente recuperadas. Comado figura entre as mellores zonas para voar de Galicia. Xullo Villarino, presidente do Club Parapente de Ferrol, afirma que A Mariña é unha das das mellores zonas de Galicia para voar, ten despegues moi bos, de auténtico privilexo, sobre todo Comado en Barreiros. Na actualidade (outubre 2017) a zona de Comado ten o mellor récord global de “Máxima Altura” (media 1119 m.)



Dende 2013 celébrase no mes de outubro a **subida ao Monte Comado**. Un sábado dispútase media km. Vertical con saída da Praia de Arealonga e o trail infantil na cima do monte. E o domingo, dous trails, un de 26 km. e outro de 13 km.

